



Segundo figura na Orde do 21 de outubro de 2022 que desenvolve o decreto 13/2022 de 3 de febreiro, que regula o proceso de admisión en centros públicos, no artigo 4, indica que aquel alumnado que xa está matriculado no centro deberá solicitar os servizos complementarios durante o mes de maio.

COMEDOR ESCOLAR

Criterios de admisión (poden variar se cambia a normativa vixente)

- 1 Alumnado usuario do servizo de comedor no curso escolar anterior, salvo que variase substancialmente o criterio polo cal fose admitido.
- 2 Alumnado usuario lexítimo do servizo do transporte escolar, nos termos establecidos na Instrución 1/20219 da Secretaría Xeral Técnica da Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria, sobre a xestión do servizo de transporte escolar no curso escolar 2021-20220.
- 3 Alumnado pertencente a unidades familiares que se atopen en situación socioeconómica de exclusión social ou que teña unha discapacidade igual ou superior ao 33%, certificadas polos servizos sociais ou municipais correspondentes.
- 4 Alumnado membro de familias numerosas, acreditado co correspondente título ou carné expedido para o efecto.
- 5 Alumnado fillo de pais e nais, titores legais ou acolletores familiares, traballadores con incompatibilidade acreditada documentalmente dos seus horarios laborais co horario de saída do seu fillo/a ao mediodía.
- 6 Outro alumnado do centro. Neste suposto atópanse os escolarizados fóra da área de influencia que lles corresponde.

Documentación necesaria complementaria:

- Solicitude

- Padrón municipal (actualizado)

- As familias que se atopan nos apartado 3, 4 ou 5 do punto selección e admisión de alumnado, deben aportar documentación xustificativa da súa situación:

- **Certificado de discapacidade do alumno. (apartado 3)**
- **Informe Social (apartado 3)**
- **Título de familia numerosa (apartado 4)**
- **Certificado incompatibilidade horaria (empresas) dos dous membros. (apartado 5)**

O Prazo de presentación é ata o 31 de maio , e a resolución provisional de admitidos publicarase tras o consello escolar do 30 de xuño, unha vez finalizado o proceso de admisión de novo alumnado.